

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE SOCIOS  
DO MUSEO DO POBO GALEGO

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2009

RELACIÓN DE ASISTENTES:

D. Luciano García Alén, vicepresidente 1º do Padroado do MPG  
D. Fernando Acuña Castroviejo, vicepresidente 2º do Padroado do MPG  
D. Justo Beramendi González, Presidente da Xunta Reitora do MPG  
D. Carlos García Martínez, Director do MPG  
Dª María Xosé Fernández Cerviño, Secretaria do MPG  
D. Lino Lema Bouzas, Tesoureiro do MPG  
D. Iván Area Carracedo, a título persoal e en representación da Universidade de Vigo  
D. Elisardo Becoña Iglesias  
D. Xosé C. Beiró Piñeiro  
Dª Fátima Braña Rei  
D. Diego Conde Gómez  
D. Anxo M. Franco Vidal, representante do Concello de Dodro  
D. Andrés Pena, representante do Concello de Narón  
D. Xosé Ramón Fandiño Veiga  
D. Eduardo Otero Iglesias, en nome propio é en representación da Asociación Cultural La Montañesa  
D. Xosé Luís Gutiérrez Faílde  
Dª Martine Jublin  
D. José María Laredo Cordonié  
Dª Estefanía A. Lodeiro Paz  
D. Xosé Ramón Marín Martínez  
Dª Rosa María Méndez García  
Dª Rosa Martínez Ferreiro  
D. Xoán Xosé Molina Vázquez  
D. Gabriel Quiroga Barro  
D. Xaquín Penas Patiño  
Dª Xulia Vázquez Randulfe  
D. Manuel Vilar Álvarez  
D. Tino Viz Otero  
D. Manuel Caamaño Suárez, secretario da Xunta Reitora, en nome propio e en representación do Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos da Coruña

DESCULPAN A ASISTENCIA

D. Alfonso Zulueta de Haz  
Concello de Ames  
D. Isaac Díaz Pardo

En Santiago de Compostela, no Museo do Pobo Galego, celébrase Asemblea Xeral Ordinaria de socios, que dá comezo ás 11:30 horas en segunda convocatoria, baixo a presidencia de D. Luciano García Alén, coas asistencias e inasistencias relacionadas máis arriba.

Abre a sesión o presidente da Asemblea, D. Luciano García Alén, que desculpa e lamenta a imposibilidade de asistir de D. Isaac Díaz Pardo, e manifesta a importancia da sesión para os socios que van recibir a insignia do Museo pola súa fidelidade á Institución durante vinte e cinco anos. Seguidamente procédese a tratar a Orde do Día.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DO 10 DE MAIO DE 2008

Apróbase.

2. INFORME DA XUNTA REITORA DO MUSEO

D. Justo Beramendi, presidente da Xunta Reitora, informa de seguido das seguintes cuestións:

1º. Fundación Antonio Fraguas

Celebrou dúas sesións, a preceptiva do 23 de xuño para a aprobación da liquidación do orzamento de 2007, e o 7 de novembro de 2008.

A proposta de D. Carlos García Martínez, aprobouse iniciar unha colección coa publicación dos mellores traballos gañadores do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas. Tamén se deu conta da resolución da sexta convocatoria de dito proxecto.

Na reunión do 7 de novembro aprobouse o programa de actividades e os orzamentos de 2009, cun total de 54.000 €, cantidade coa que se rematará a sexta edición do Proxecto Didáctico e se fará a convocatoria da sétima, publicarase a Obra Etnográfica de Antonio Fraguas e o primeiro título da nova colección e axudarase con 6.000 € a continuación do programa Sons e Voces da Identidade. Tamén se presentou a maqueta do libro de D<sup>a</sup> Fátima Braña sobre o Museo, libro que acaba de saír do prelo.

Por recortes orzamentarios motivados pola crise, a Fundación Caixa Galicia retirou a subvención de 15.000 € para o proxecto didáctico. En xestións posteriores fíxoselle ver que a metade desa cifra xa estaba comprometida, respondéndonos que se trataría de manter a cantidade de 7.500 €. Como consecuencia, a Fundación Caixanova optou por facer o mesmo, e todo isto obrigou, primeiro a non convocar da VII Edición no tempo habitual, e despois a suspender sine die o Proxecto Didáctico. Se a todo isto se engade que a aportación da Consellería de Cultura pode ser anulada, na reunión que se celebrará no mes de xuño o Padroado da Fundación deberá sopesar a súa viabilidade, ao menos mentres persistan as circunstancias actuais.

2º. Financiamento

Cómpre salientar o mantemento da subvención da Xunta de Galicia nos 400.000 € do ano pasado, aínda que este feito relativamente positivo non alivia o problema estrutural máis importante das finanzas do Museo, xa que deses 400.000 € só 250.000 son subvención incondicionada que se pode dedicar a gastos de funcionamento, incluídos os de persoal; os outros 150.000 teñen que destinarse a investimentos. Aínda tendo aumentado dende o 2005

de 240.000 a 400.000 €, o estancamento en que se atopan os ingresos do Museo, impiden mellorar as condicións dos traballadores e aumentar o seu número para unha mellor atención ao público. A maiores, o acordo tomado polo Padroado na asemblea do 31 de maio de 2008 de desestimar a proposta de cobro de entrada é unha limitación para o cumprimento dos fins do Museo.

Na mesma asemblea citada foi aprobada a reforma do regulamento de réxime interno do Padroado nos puntos relativos a normas electorais e ao procedemento de admisión de novos membros.

### 3º. Persoal

O cadro de persoal segue invariable, xa que nas últimas convocatorias do Plan de Promoción de Emprego da Consellería de Traballo se nos concederon os mesmos catro postos subvencionados ca nos anteriores exercicios. Sen embargo, a carga sobre os orzamentos propios aumentou durante 2008, pois a baixa por xubilación do empregado municipal Manuel Pérez Brocos non foi cuberta polo Concello de Santiago, aínda tendo celebrado co Sr. Alcalde dúas entrevistas. A representante do Concello na Xunta Reitora, Socorro García, informou dunha disposición existente pola que de catro vacantes por xubilación só se pode cubrir unha.

A Xunta Reitora acordou establecer un control horario do persoal mediante un sistema de pegada dactilar e ten en marcha negociacións co persoal respecto de certos puntos do convenio colectivo de Oficinas e Despachos, cuxa aplicación literal vén creando problemas funcionais, en particular no que se refire á xornada continuada nos meses de xuño a setembro e, en menor medida, ás quendas de vacacións.

### 4º. Entrevista coa Consellería de Cultura

Celebrouse o 10 de outubro de 2009 e nela a Sra. Conselleira manifestou que se mantería a subvención para o 2009, que a liberación dos espazos ocupados na ala sur cómpre situala no horizonte de 2010, e que no seo do Consorcio de Santiago se mantería a programación de todos os proxectos en marcha (tamén o do Plan Director de San Domingos de Bonaval), se ben haberá que prolongar os calendarios de realización.

Posteriormente á entrevista comprobouse que esa é a política que vai seguir o Consorcio, e de feito nos orzamentos para 2009 incluíuse unha partida de 300.000 € para o Plan Director e outra de 200.000 para obras no edificio. Con todo, o recente cambio de goberno introduce, como é lóxico, certa dose de incerteza en todas estas previsións.

### 5º. Igrexa e Panteón de Galegos Ilustres

Na entrevista con Sr. Alcalde o 14 de outubro, na liña do debatido na Asemblea do Padroado a instancias de D. Francisco Fernández Rei e D<sup>a</sup> María Xosé Fernández Cerviño, plantexámoslle a delicada situación en que se atopa o Padroado en relación cos accesos á Igrexa e co seu mantemento, así como a conveniencia de chegar a unha regulación e unha dignificación axeitadas do Panteón de Galegos Ilustres. Maniféstanos a súa disposición a tratar do asunto co Sr. Conselleiro da Presidencia. En previsión de que tal iniciativa se puidera adiar máis da conta, a Xunta Reitora acordou en decembro iniciar, despois das

eleccións, contactos co Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega e os padroados e fundacións relacionados co Panteón sobre a conveniencia de realizar dende a sociedade civil unha acción pública concertada para presionar a prol de desatascar este asunto definitivamente. Súbóse pola prensa que o Sr. Presidente do Consello da Cultura Galega se adiantou cunha suxestión en liña similar á nosa, durante a visita institucional que o Sr. Núñez Feijoo fixo ao Consello, mais consideramos que este feito non anula a nosa iniciativa, que retomaremos cando haxa ocasión de falar cos novos responsables da Xunta e da Consellería de Cultura.

#### 6º. Relacións co novo goberno

Dada a urxencia e importancia dos asuntos pendentes, remitíronse de inmediato cartas de felicitación ao Sr. Presidente da Xunta de Galicia, ao Sr. Conselleiro de Cultura e á Sra. Presidenta do Parlamento nas que ademais, se lles solicitaba audiencia. Estase a agardar unha resposta.

#### 7º. Tesourería

O Tesoureiro, D. Lino Lema, dá conta de que o convenio subscrito coa Xunta quedou un pouco baixo con respecto ao do ano 2008, e que se recibiron subvencións varias (Concello de Santiago, Consellería de Traballo...); que as aportacións dos socios individuais e institucionais acadaron a cifra de 25.000 €; que os gastos de funcionamento ordinario do Museo andan polo 80% do orzamento total; que se fará unha previsión no orzamento do 2009 para cubrir o déficit producido en 2008; que a previsión de ingresos realizouse ao 100%; e que no peche do exercicio de 2008 utilizouse un novo sistema contable o que permitiu facer unha análise dos gastos e ingresos realizados.

### 3. INFORME DA DIRECCIÓN DO MUSEO.

O Director do Museo, D.Carlos García Martínez, informa de xeito resumido das actividades realizadas nos últimos doce meses. A relación inclúese como anexo.

D. Luciano García Alén, ante o labor realizado, pide unha felicitación unánime aos órganos directivos do Museo, cousa que aproban os asistentes.

### 4. INFORME DA OFICINA DOS SOCIOS

D. Xoán Ramón Marín Martínez, en representación da Oficina dos Socios, dá conta das actividades levadas a cabo:

- No mes de marzo dous membros asistiron á asemblea da Federación Española de Amigos dos Museos e en breve trasladarán á Xunta Reitora as impresións recollidas.
- Inaugúrase hoxe a exposición “Entre Amigos”, contando coa actuación da agrupación musical compostelá Os Trincamocos.
- Está no prelo o número 4 da revista ADRA.
- Teñen pendente de programar algunha nova actividade cos socios.

- Póñense a disposición da Xunta Reitora e desexan que haxa máis comunicación ca nunca.

D. Luciano García Alén alédase dese espírito de colaboración. D. Justo Beramendi agradece no nome da Xunta Reitora o apoio dos socios e di que se reforzará a colaboración entre ambas partes.

## 5. ELECCIÓNS DE REPRESENTANTES DOS SOCIOS NO PADROADO E MAIS NA XUNTA REITORA

Cumprimentados os requisitos contemplados nos Estatutos do Padroado, procédese ás votacións pertinentes, que arrojan os seguintes resultados:

Para elección de representantes no Padroado:

- D. Xoán Ramón Marín Martínez
- D. Manuel Vilar Álvarez
- D. José María Laredo Cordonié
- D. X. Carlos Beiró Piñeiro
- Concello de Narón

Como representantes na Xunta Reitora foron elixidos Eduardo Otero (representante no Padroado desde 2007) e Manuel Vilar.

## 6. IMPOSICIÓN DA INSIGNIA DE PRATA DO MUSEO AOS SOCIOS E SOCIAS CON 25 ANOS DE ANTIGUEDADE.

Procédese á entrega da insignia a D. Elisardo Becoña, o único presente dos tres socios que en 2009 cumpren aos 25 anos de antigüidade.

## 7. ROGOS, PREGUNTAS E PROPOSICIÓNS

Non se producen.

D. Luciano García Alén agradece aos presentes a súa asistencia e, non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 13:00 horas.

Vº e praxe, o presidente en funcións,

Luciano García Alén

Manuel Caamaño Suárez

## Memoria de actividades do Museo maio 2008-abriul 2009

### 1. OBRAS E INSTALACIÓNS. MONTAXE DE SALAS

Desde agosto de 2008 fixéronse gradualmente obras de reparación e mellora en diversas salas. A intervención dos Departamentos de Conservación, Exposicións e Mantemento, que afecta tanto ás condicións das salas como dos fondos expostos nas salas de oficios situadas na planta baixa e na entreplanta do corpo norte, así como na sala do Mar, traducíuse nunha mellora apreciable da montaxe das áreas afectadas, incluíndo novos elementos explicativos.

### 2. DEPARTAMENTO DE CONSERVACIÓN

Total rexistros: 9.871

Total ingresos (maio 08 - abril 09): 153

Doazóns: 131

Depósitos: 10

Compras: 12

Doazóns: Eduardo Otero Iglesias: banco de carpinteiro e ferramentas para traballar a madeira que pertenceran ao escultor José Rivas, procedentes do seu taller na rúa da Ensinanza. Carlos Rey Cebral: dous cadros atribuíbles á autoría de Camilo Díaz Valiño

Depósitos: Dolores López Alonso, viúva de Xosé Luís Míguez Abucide: un dos traxes utilizados polo seu home no Día da Exaltación do Traxe. Fernando Acuña Castroviejo: tres cobres pintados con motivos relixiosos e unha litografía sobre seda conmemorativa da inauguración do Ferrocarril Santiago – Carril asinada por Jorge Osterberger

Compras: Reproducións exactas de prendas de indumentaria da colección que polo seu estado de conservación non se podían expoñer, como saias e vasquiñas. Elaboración de varias camisas de lenzo

Préstamos exposicións:

*Na frente unha estrela*, organizada pola Real Academia Galega: conxunto de ferramentas de Francisco Asorey

*Visita a Galicia do ouro que adorna á mulher vianense*, organizada pola Câmara Municipal de Viana do Castelo: selección de 22 pezas de ourivería

*Minerva e Marte. O Batallón literario de 1808*, organizada pola Universidade de Santiago de Compostela: Retrato de Fernando VII, obra de Plácido Fernández Arosa

*A Coruña 1208-2008. A construción dunha cidade*, organizada polo Concello da Coruña: Maqueta da traíña de Bergantiños e selección de cinco ferramentas representativas doutros tantos oficios

*Rodríguez Cadarso, un reitor para un país*, organizada pola Universidade de Santiago de Compostela: Postal do colexio Fonseca (col. de la Riva)

Reprodución dos fondos do Museo

Nº total de solicitudes tramitadas 10

### 3. BIBLIOTECA E ARQUIVO

#### MONOGRAFÍAS

Neste período ingresaron un total de 407 títulos, dos cales 242 proceden de doazóns, 133 a través de intercambios, 23 por compra, e 9 de produción propia.

O libro de rexistro contabiliza un total de 52.717 títulos con 58.950 volumes

Monografía	
Doazóns	242
Adquisicións	23
Intercambio	133
Produción propia	9
Total anual	407
Total rex. bibliogr.	52.717
<b>TOTAL Volumes</b>	<b>58.950</b>

#### PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS

Durante este período ingresaron 6 novas revistas, 2 por doazón e 4 por intercambio, e un total de 218 exemplares.

O total é de 1.868 revistas, e máis de 17.000 exemplares informatizados. Nestes momentos o nº de revistas abertas é de 95 títulos.

#### INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS

Este ano, e grazas a unha subvención da Consellería de Cultura fíxose unha forte investimento en prevención e conservación da colección.

- Instalación dun sistema detector de fume tanto na biblioteca central como nas coleccións privadas.
- Para a mellor conservación do material, ampliouse o equipamento de almacenaxe, adquirindo 2 novos planeiros e aumentando o número de andeis metálicos no depósito bibliográfico
- Co fin de catalogar, e poder controlar mellor a colección, o socio don Eduardo Beiras, como en ocasións anteriores, facilitou un novo equipo informático de xeito que podemos axilizar a catalogación informatizada e a dixitalización dos fondos arquivísticos

#### EXPOSICIÓNS

- Como todos os anos preparouse a exposición bibliográfica do Día das Letras Galegas
- Con motivo da Exposición homenaxe a Taboada Chivite, realizouse unha exposición bibliográfica

#### VISITAS GUIADAS

- O 28 e 29 de maio- Visita guiada para o alumnado de Pedagogía da USC
- 5 de xuño- Visita guiada ás persoas que realizan o curso “ Auxiliar de Biblioteca e Centro de Documentación” impartido no Centro de Formación Ocupacional do Pedroso (Santiago)

#### PRÉSTAMOS PARA EXPOSICIÓNS

- Ata setembro continuou a itinerancia da exposición *Elías Valiña y el renacimiento del Camino*, organizada pola Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago,. Coliseo de la Cultura de Villaviciosa de Odón (Madrid) 27/06-10/07 e Seminario Menor de Astorga (León), 15/07/15/08
- Centro Galego de Arte Contemporánea: *Portas de luz. Unha achega a arte e a cultura na Galicia dos 70*. Comisariada por Alberto Conzález-Alegre. 30 de xaneiro a 3 de maio de 2009
- USC. Facultade de CC e M de Comunicación: *Galicia pola radio: a historia falada (1933-2008)*. Comisariada por Manuel Rodríguez Fernández. 25 de febreiro a 30 de abril de 2009

#### REPRODUCCIÓN DE FONDOS

- Editorial Alvarellos, Vida Gallega (fotografías exposición 1909)
- Concello de Santiago..(Ilustracións para biografía de Anxel Casal)

#### 4. DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E ACCIÓN CULTURAL

O Departamento de Educación e Acción Cultural atendeu, do 1 de maio de 2008 ao 1 de maio de 2009, unha cifra similar a dos últimos anos. Máis de 20.000 persoas usaron os servizos do DEAC para realizar a súa visita ao Museo ou participaron nalgunha das actividades deste departamento.

Na atención aos grupos, a tendencia dos últimos anos na que se veu incrementando a porcentaxe de persoa maiores continúa pero aumentaron tamén, dentro do colectivo escolar de Galicia, os grupos de infantil para os que este curso preparouse unha programación específica.

A procedencia dos maiores é, en gran parte, de fóra de Galicia. Entre os grupos escolares hai unha porcentaxe cada vez máis importante de portugueses e franceses. Tamén, dentro do grupo dos universitarios, é significativa a presenza de estudantes do resto do Estado así como de Portugal.

Programa de aproveitamento didáctico:

*Xogos Bailados:* a actividade faise a partir do desenvolvemento de diferentes xogos baseados na música e nos bailes tradicionais. A historia que contan as cancións dos xogos acadan traballar, de forma sinxela, os contidos do Museo.

*Os xoguetes:* os cativos coñecen e xogan con distintos xoguetes populares como a buxaina, as bolas ou as zoadeiras.

*Xogo de pistas:* o Museo é un terreo inexplorado, descoñecido para os rapaces que teñen que descubrir, a través das pistas subministradas ao inicio do xogo, os tesouros que as salas gardan.

Visitas comentadas: realízase unha presentación temática do MPG en cada un dos seguintes itinerarios: Os sistemas de produción; Os oficios; A Sociedade; O espazo construído e a Prensa e a imprenta. Específicos para Bacharelato e Formación Profesional son o Conxunto histórico-artístico de Bonaval e O museo na dinamización turística e sociocultural.

Para o público universitario prepáranse con antelación e en coordinación co profesor ou profesora, dependendo da facultade e a disciplina da que se trate.

Materiais de préstamo: Maletas didácticas de Xogos e do Pan; Videoteca.

Máis dun 9 % do público que o DEAC atende, non se encadra na tipoloxía de grupo organizado, senón que se trata de persoas que buscando asesoramento ou participando dalgunha das actividades do programa para público en xeral, achéganse ao Museo por medio do Departamento.

Este programa concretouse nas seguintes actividades:

- *Contos e Historias de Orixe popular:* ciclo de contos e historias da tradición oral peninsular, coa participación de Quico Cadaval e Celso F. Sanmartín (Galicia), José Luis Gutiérrez "Guti" (León), Antonio Fontinha (Portugal) e Joxe Mari Carrere (Euskadi). Celebrouse en maio coa colaboración do Instituto Camoes.
- *Monicreques:* do 7 ao 11 de xullo. Dirixido a pequenos constou dun obradoiro e dunha representación, aberta ao público xeral, e baseada nos textos de Barriga Verde.
- *Café da memoria:* estas parolas con café buscan un ambiente informal onde darlle protagonismo ás lembranzas dos nosos maiores. A asistencia de público garante un auditorio interesado. Así mesmo a grabación destes "cafés" son material que pasa a formar parte do Arquivo do Museo. Ata agora leváronse a cabo tres: un primeiro sobre as lembranzas da mocidade dun grupo de mulleres de Compostela; un segundo cun grupo de mulleres rurais da parroquia de Zobra (Lalín); e un terceiro sobre o Entroido.
- *Ciclo de cine etnográfico:* no mes de outubro desenvolveuse a III Mostra de Cine Etnográfico Museo do Pobo Galego.
- *Outras olladas sobre o Museo:* este programa naceu para conmemorar as Xornadas Europeas de Patrimonio. Convidábase a persoas con distintos intereses e dedicacións a transmitirnos a súa visión do Museo. O pasado novembro con Raposo, Paxaro, Museo, foron os músicos Benxamín Otero, Carlos Quintá e o contador Celso F. Sanmartín, os que a través da narración e a música mostraron ao público outro xeito de visitar o Museo.

- Como parte da estratexia de achegamento a públicos menos frecuentes entre os nosos visitantes o DEAC está a realizar unha serie de actividades para familias, onde se precisa da participación dos pais e/ou titores dos cativos para que estes poidan asistir. En xaneiro de 2009 realizouse obradoiro para familias sobre a exposición temporal A Vía da prata: unha calzada e mil camiños. En abril, Cos ollos no ceo conmemorou o “Ano Internacional da Astronomía” a través da importancia do coñecemento do ceo nas sociedades tradicionais. Para este obradoiro colaborouse co Observatorio Astronómico Ramón María Aller da USC.
- O seminario *Identidade e Arte*, que aínda se está a desenvolver, é un proxecto de colaboración co Centro Galego de Arte Contemporánea. Da preocupación pola investigación no ámbito do patrimonio cultural de ámbalas dúas institucións que ademais, conforman un espazo museístico único, partiu este curso que fai unha revisión das relacións entre a plástica contemporánea e a tradición, a cultura ou a identidade.

Todas estas actividades fanse co Patrocinio da Concellaría de Cultura do Concello de Santiago de Compostela.

Entre as colaboracións con outras entidades comentáronse xa as establecidas coa Universidade, co Instituto Camões, co CGAC ou coa Concellaría de Cultura de Santiago. Hai que nomear tamén a Comisión de Cultura da Comarca de Sobrarbe, Centro Galego de Artes da Imaxe, Axencia Audiovisual Galega, Cruz Vermella, Institucións Penitenciarias, Proxecto Home, Mesa pola Normalización Lingüística, AS-PG ou os Centros de Recursos e Formación do Profesorado.

## 5. EXPOSICIÓNS

Nestes doce meses realizáronse once exposicións temporais:

- *Historia dunha emigración difusa. 500 anos de emigración galega a Lisboa.* 8 maio-1 xuño. Produción de Acuarela Comunicación.
- *Queremos coñecernos... Mulleres científicas.* 29 maio-29 xuño. Organiza: Secretaría xeral da Igualdade.
- *Na lembranza de D. Xesús Taboada Chivite, 1907-2007.* 26 xuño-27 xullo

Esta mostra conmemorativa do centenario do nacemento do que fora vicepresidente do Padroado do Museo, organizada polo Museo Arqueolóxico de Ourense coa colaboración do Museo do Pobo Galego e o Grupo Marcelo Macías, exhibiuse previamente en Verín. Con posterioridade á súa estancia no Museo seguiu a súa itinerancia pola provincia de Ourense.

- *Paisaxes humanizadas, terras vividas.* Fotos de Luís Higinio Flores Rivas. 16 setembro-26 outubro. Co patrocinio da Xunta de Galicia: Consellería de Cultura e Deporte – Consellería de Medio ambiente e Desenvolvemento sostible.

Neste novo proxecto, comisariado polo etnólogo José Luís Mingote, Luís Higinio Flores Rivas deixa testemuño da cultura tradicional da paisaxe, unha preocupación que está presente en todo o seu traballo. Nestas imaxes pódense contemplar múltiples solucións técnicas, que permiten ser conscientes das variadísimas posibilidades existentes á hora de solucionar un problema

- *Proxecto didáctico Antonio Fraguas.* 11 outubro-23 novembro. Organizan: Fundación Antonio Fraguas Fraguas e Museo do Pobo Galego. Patrocinan: Consellería de Cultura e Deporte. Fundación Caixa Galicia. Fundación Caixanova

Exposición dos traballos seleccionados na 5ª edición do Proxecto didáctico Antonio Fraguas: *As fábricas da luz de Rechinol, Portodís e Portochao como exemplo de descoñecemento do noso patrimonio cultural* do IES de Melide, e a proposta do IES Concepción Arenal de Ferrol, *As embarcacións tradicionais da Comarca de Ferrol.*

- *Xenaro Martínez Castro.* 4-30 novembro. Coa colaboración da Fundación Caixa Galicia, Gonzacar, imprenta Litonor, Galería SCQ, Artecó, Paco de Pin e o grupo Leilía.

O pasamento prematuro de Xenaro Martínez Castro, fondamente sentido polos seus moitos amigos e coñecidos, fixo xurdir espontaneamente entre algúns de nós o desexo de manifestar a estima que sentimos por el. O Museo do Pobo Galego, institución da que foi socio e coa que mantivo unha relación de colaboración xenerosa, asumiu o compromiso de acoller esta mostra, comisariada por Mercedes Rozas, tamén socia do Museo, e Xosé Ramón Fandiño, membro do noso Padroado.

- *Faros de onte, faros de hoxe.* 27 novembro-7 decembro. Organizan: Secretaría Xeral de Comunicación e RETEGAL

- *A Vía da Prata. Unha calzada e mil camiños*. 11 decembro 2008 a 25 xaneiro 2009. Organiza: Sociedad Estatal de Conmemoraciones culturales. Colaboran: Consellería de Cultura e Deporte e Museo do Pobo Galego

Un percorrido pola xeografía das comunidades que atravesaba esta vía -Estremadura e Castela e León- e as súas ramificacións cara a Andalucía, Galicia e Asturias. Este eixo, inzado de manifestacións culturais de pobos moi dispares que viviron ou foron chegando á Península Ibérica, serviu de canle difusora que levou unha gran variedade de innovacións cara a todos os puntos do seu itinerario.

- *Retratos de auga*. Fuco Reyes. 4 febreiro-1 marzo. Organiza: Concellería de Cultura de Santiago de Compostela. Auditorio de Galicia
- *Galicia 25. Unha cultura para un novo século*. 11 marzo-18 abril. Organiza: Consello da Cultura Galega. Patrocina: Fundación Caixanova

Exposición conmemorativa do 25 aniversario do Consello da Cultura Galega, que salienta a importancia e a significación da cultura como elemento substancial da identidade do país e compoñente decisivo na configuración da Galicia autonómica.

- *Futuro Auga*. 24 abril-7 xuño. Organiza: Obra Social Caja España

A exposición ofrece un percorrido temático arredor dunhas instalacións equipadas para realizar unha aprendizaxe sobre os aspectos que inciden no ciclo da auga, debidos ao cambio climático e a outros factores ambientais e antropóxicos.

A exposición *Debuxos e gravados nas construcións populares*, de Higinio Flores, exhibiuse entre o 1 de xuño ao 31 de xullo no Museo Seno de Corcubión. O mesmo centro acolleu a exposición *Señoras e señores*, de fotografías de Ricardo Alcalde, entre o 20 de agosto e o 30 de setembro.

*Paisaxes humanizadas, terras vividas*, de Luís Higinio Flores Rivas, exhibiuse na Biblioteca pública de Pontevedra entre o 18 de decembro de 2008 e o 20 de xaneiro de 2009; logo visitou a Biblioteca pública de Lugo entre o 5 de febreiro e o 8 de marzo.

## 6. XORNADAS E CURSOS

No ano dedicado pola Real Academia Galega a honrar a Xosé María Álvarez Blázquez, dedicándolle o Día das Letras Galegas, o Museo do Pobo Galego sumouse á celebración da memoria do que fora seu vicepresidente desde que se constitúe o Padroado, en xullo de 1976, ata o seu pasamento o 3 de marzo de 1985. O 19 de novembro celebrouse unha mesa redonda en torno á súa vida e obra, na que participaron o patrón Clodio González Pérez, Darío Xohán Cabana, escritor e académico da RAG, o escritor Xosé María Álvarez Caccamo, fillo do homenaxeado, e Fernando Acuña Castroviejo, vicepresidente do Padroado. O acto finalizou coa presentación do nº 17 da serie Alicerces, *A muller na literatura medieval e outras achegas etnográficas*.

## 7. PUBLICACIÓNS

Editouse, co patrocinio da Vicepresidencia da Xunta de Galicia, o catálogo da exposición de fotografías de Ricardo Alcalde *Señoras e señores. O solpor dun legado*, organizada en 2006. O catálogo vai acompañado dun ensaio introdutorio de Marcial Gondar.

Tamén se publicou, neste caso co patrocinio da Consellería de Medio ambiente e Desenvolvemento sostible, o catálogo da exposición *Paisaxes humanizadas, terras vividas*, con textos introdutorios de José Luís Mingote e Begoña Bas.

Igualmente se editou o catálogo da exposición *Xenaro Martínez Castro*, ao coidado de Mercedes Rozas e Xosé Ramón Fandiño, mercé á colaboración da Fundación Caixa Galicia e Gonzazar.

O número 17 da serie Alicerces, *A muller na literatura medieval e outras achegas etnográficas*, rende homenaxe a Xosé María Álvarez Blázquez.

A Fundación Antonio Fraguas Fraguas asumiu a edición de *O Museo do Pobo Galego, contedor de valores*. Este libro recolle o esencial da tese de doutoramento de Fátima Braña Rei, socia do Museo, que desde 1999 representa activamente o colectivo de socios no Padroado e mais na Xunta Reitora, lida na Universidade de Santiago de Compostela o 10 de novembro de 2006.

## 8. OUTRAS ACTIVIDADES

- 6 maio Reunión do xurado do Premio Xesús Taboada Chivite, que organiza o Concello de Verín.
- 7 maio Presentación do DVD *Os batáns do Mosquetín: un conxunto etnográfico singular*, que recolle o traballo realizado polo patrón Xosé María Lema Suárez e presentado polo tamén patrón Manuel Caamaño Suárez.
- 14 e 28 maio No marco da exposición *Historia dunha emigración difusa* celebráronse dúas conferencias sobre a emigración galega a Portugal, a cargo dos profesores Camilo Fernández Cortizo e Domingo González Lopo.
- Durante o mes de maio o Museo acolleu por segundo ano consecutivo a actividade *Contos no Camiño*, organizada por OQO editora co patrocinio da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo. A actividade clausurouse o 29 de maio.
- 27 e 28 xuño Con motivo das festas do barrio de San Pedro, celebrouse o tradicional Encontro de corais e mais un recital da cantante Paulina Ceremuzynska.
- 4, 12, 15, 19 e 23 xullo Concertos express, dentro do programa do III Festival Via Stellae. Patrocina: Consellería de Innovación e Industria – S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.
- 11 xullo Rolda de prensa sobre a recuperación da memoria histórica, baixo os auspicios da Consellería de Cultura e Deporte.
- 13 xullo Sesión das Aulas no Camiño, que organiza anualmente a Universidade da Coruña.
- 23 xullo Reunión do xurado do XXX Certame do Traxe galego, organizado pola Asociación do Traxe Galego e o Concello de Santiago de Compostela.
- 23 setembro Xornada *Arte e Compromiso. Castelao nas artes plásticas*, organizada pola Asociación Galega de Arte e Cultura.
- 10 outubro Coincidindo coa celebración do XIV Congreso Nacional e V Iberoamericano de Historia da Veterinaria, o auditorio do Museo foi o escenario das I Xornadas Galegas de Historia da Veterinaria, que serviron á súa vez como marco para a presentación do libro *Historia da Veterinaria Galega*, de José M. Vázquez Varela e Diego Conde.
- 17 outubro A Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas ondas!, promotora da Candidatura do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués, presentou nunca rolda de prensa o proxecto de creación do Sistema “Tesouros vivos da Eurorrexión”.
- 27 e 28 outubro O Pen Clube Galicia, organizador da Bienal Internacional “De Pedra e de Palabra”, celebrou no Auditorio do Museo dúas das sesións da Bienal, que nesta segunda edición estivo dedicada á memoria de Ramiro Fonte.
- 4, 6 e 7 novembro O IES Monte Castelo de Burela coordina a xuntanza do Programa educativo europeo PAP Grundtvig Collaborative Learning and Crosscultural Integration, coa participación de docentes de Italia, Turquía e a República Checa.
- 6 e 26 novembro Recepción e visita ao Museo dun grupo de emigrantes do programa “Volver á terra” da Secretaría Xeral de Emigración.
- 7 e 8 novembro Xornadas sobre redución de residuos organizadas pola Federación Ecoloxista Galega.
- 21 e 22 novembro Curso de cultura galega organizado pola asociación Educasuevia de profesorado de ensino público non universitario.
- 27 novembro Entrega dos premios do concurso *Faros de onte, faros de hoxe*, promovidos pola Secretaría Xeral de Comunicación e RETEGAL, coincidindo coa inauguración da exposición do mesmo título.
- 28-29 Xornadas de expresión oral organizadas pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega.
- 13 decembro Actos do XXV aniversario de Nova Escola Galega, baixo o lema “1983-2008 Memoria e Proxecto. Alicerces para mañá”.
- 28 xaneiro Presentación da colección de libros *Miradas Alleas* e do ciclo de conferencias *Como nos viron, como nos ven*, organizada pola Secretaría Xeral de Comunicación da Xunta de Galicia.
- 10 a 13 febreiro Conferencia internacional de Dispositivos electrónicos, organizada polo Departamento de Electrónica e Computación da Universidade de Santiago de Compostela
- 7 marzo Encontro de Asociacións Ecoloxistas, organizado pola Federación Ecoloxista Galega e a Sociedade Galega de Educación ambiental
- 20-21 marzo Curso de formación de profesorado “O cine como recurso educativo para desenvolver a competencia social e cidadá e o fomento da convovencia”, organizado por Educasuevia, Asociación do Ensino público non universitario

28 marzo O Museo acolleu a VI edición da homenaxe “Os Bos e Xenerosos” da Asociación de Escritores en Lingua galega, dedicada a Mariví Villaverde

3 abril Presentación da produción multimedia *Trece Lúas* da Asociación de Gaiteros Galegos

23 abril Presentación do libro *La vida musical en Santiago a finales del siglo XIX*, de María García Caballero, coeditado polo Consorcio de Santiago e Alvarellos Editora.

## 9. XUNTANZAS E ASEMBLEAS

Celebraron, como é habitual, xuntanzas nas dependencias do Museo a Asociación Galega polas Bibliotecas públicas e a Lectura, a Asociación Mámoa de aleitamento natural, o Padroado da Fundación Galicia Emigración, a Fundación Pedrón de Ouro, a Asemblea da Asociación do Traxe Galego e mais a Sociedade Galega de Historia Natura. Ademais, o Auditorio acolleu unha xuntanza de profesores de Matemáticas e outra do Consello asesor do proxecto FISHERNET (Fishing Heritage Network), no que participa o Museo.

## 10. FUNDACIÓN ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

A Fundación continúa a súa actividade, centrada fundamentalmente no apoio aos programas do Museo e, de forma específica, na organización do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas, que en 2008 chegou á súa sexta convocatoria. No acto inaugural das exposicións correspondentes á 5ª edición, o 11 de outubro, fíxose entrega do premio aos seleccionados na 6ª edición.

A exposición do proxecto *Non deas a esquecemento* do IES de Pontecaldelas itinerou por varios concellos de Galicia, rematando o seu periplo en Allariz. *Educaldea* do CEIP Brea Segade de Taragoña, tamén seleccionado na 4ª edición, continuou coa edición dun disco con varias das pezas musicais que foron rescatadas durante o seu traballo. A presentación do disco, fíxose en Taragoña o día 14 de novembro.

Dos seleccionados na 5ª edición, a exposición correspondente ao IES Concepción Arenal de Ferrol, *As embarcacións tradicionais de Lorbé ata Ribadeo*, vén itinerando polo Museo do Mar de Galicia en Vigo, Ferrol, Casa do Mar de San Cibrao, Cedeira, Expomar en Burela, Mugar dos e o Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, en Muros. A Fundación cofinanciou a edición dunha publicación coa Editorial ferrolá Embora.

## 11. INSTITUTO DE ESTUDOS DAS IDENTIDADES

O 10 de decembro de 2008 abriuse un novo foro do Instituto de Estudos das Identidades, sobre Turismo e Identidade, coordinado por Xosé Manuel González Reboredo e Francisco Candela e patrocinado pola Dirección Xeral de Turismo. Incorporáronse achegas do historiador José Carlos Bermejo, dos antropólogos Agustín Santana e Llorenç Prats, e dos especialistas en turismo Eugenio Yunis e Javier Blanco, membros da Organización Mundial do Turismo. O foro concluíu o 6 de febreiro cunha sesión presencial na que se debateron as conclusións.

O proxecto *Sons e Voces da Identidade* recibe un impulso decisivo coa creación do Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI), que en xaneiro de 2009 estará accesible en Internet. Trátase dun traballo en progreso, tecnicamente complexo, que se confiou á empresa AmaroukStudio e está coordinado desde o Museo por María Xosé Fernández e Concha Losada, coa asistencia dos socios Felipe Seoane e Xosé Ramón Varela, o musicólogo Sergio de la Ossa e o técnico de son César Morais. A Deputación da Coruña concedeu unha subvención de 9.000 euros para o proxecto.